Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Padrón

ANUNCIO DE CORRECCIÓN DE ERROS DA ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS FEIRAIS CON MOTIVO DAS FESTAS DE PASCUA 2015 e 2016.

Faise público a seguinte Resolución do Alcalde número 247/2015, do 23 de marzo, pola que se corrixe o erro detectado na Resolución do Alcalde número 245/2015, do 19 de marzo, de adxudicación das autorizacións de uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais con motivo das festas de Pascua do Concello de Padrón nos exercizos 2013 e 2016, ambos incluídos:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución do Alcalde número 245/2015, do 19 de marzo, adxudicáronse as autorizacións para atraccións mecánicas (tipo norias, coches eléctricos, etc), tómbolas e xogos de azar, postos de venda de comidas e/ou bebidas, roupa, complementos, bisutería, marroquinería, música, artesanía e similares e exposición de maquinaria agrícola durante as festas de Pascua do Concello de Padrón do 2015 e 2016, ambos incluídos.

Segundo. No mesmo día e unha vez adoptado o acordo, observouse un erro nas parcelas que se declararon desertas da zona B, figurando dúas veces a parcela B-55, cando en realidade quedou deserta a B-55 e B-56.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 105.2. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recolle que "*las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*".

Segundo. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de autorizacións é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Terceiro. Considerando a urxencia na publicación desta corrección de erros na medida en que o 22 de marzo do 2015 iniciouse a montaxe das intalacións e considerando o disposto no artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, recolle que "*Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*",

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia para correxir o erro cometido no acordo de adxudicación das autorizacións de uso das parcelas do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais durante as festas de Pascua 2015 e 2016, ambos incluídos, tendo en conta que o día 22 de marzo do 2015 iniciouse a montaxe das intalacións.

Segundo. Correxir o erro cometido na Resolución do Alcalde número 245/2015, do 19 de febreiro, de adxudicación das autorizacións para atraccións mecánicas (tipo norias, coches eléctricos, etc), tómbolas e xogos de azar, postos de venda de comidas e/ou bebidas, roupa, complementos, bisutería, marroquinería, música, artesanía e similares e exposición de maquinaria agrícola durante as festas de Pascua do Concello de Padrón do 2015 e 2016, ambos incluídos, de tal xeito que onde di:

(...)

B2	B8	B28	B32	B35	B36	B37	B38	B39	B40

B41	B42	B43	B44	B45	B47	B48	B50	B51	B52
B53	B54	B55	B55	B57	B58	B60	B61	B62	B63
B66	B72	B73	B74	B75	B76	B77	B78	B79	B80
B81	B82	B83	B86	B87	B88	B90	B95		
								Total parcelas Zona B desertas	**48**

(...)

Debe dicir:

(...)

B2	B8	B28	B32	B35	B36	B37	B38	B39	B40
B41	B42	B43	B44	B45	B47	B48	B50	B51	B52
B53	B54	B55	B56	B57	B58	B60	B61	B62	B63
B66	B72	B73	B74	B75	B76	B77	B78	B79	B80
B81	B82	B83	B86	B87	B88	B90	B95		
								Total parcelas Zona B desertas	**48**

(...)

Terceiro. Ordenar a publicación do correspondente anuncio de corrección de erros no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Padrón.

Cuarto. A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Padrón, 23 de marzo do 2015

O Alcalde

CONCELLO DE PADRÓN ALCALDÍA

Asdo. Antonio Fernández Angueira